

Nomenclatura botánica científica e popular

Os herbarios, por seren centros de investigación, empregan sempre a nomenclatura científica para o etiquetado e almacenaxe dos seus exemplares. Isto permite que os usen investigadores de todo o mundo independentemente da súa lingua materna, xa que a nomenclatura biolóxica científica sempre emprega o Latín para denominar aos organismos.

Este sistema de nomenclatura consta sempre dun **nome propio** (o "xénero", sempre coa letra inicial en maiúscula) e un ou varios **adxectivos** (que normalmente fan referencia á morfoloxía da planta, ó seu hábitat, etc. pero tamén é moi frecuente a latinización de nomes propios -adicados a persoas ou lugares-).

Detrás ven o **autor** do nome (a persoa que chamou así á planta por vez primeira), moitas veces entre parénteses seguido de outros autores que poidan ter corrixido o nome con posterioridade (normalmente para cambialo de categoría taxonómica):

Ulex europaeus L. subsp. *latebracteatus* (Mariz) Rothm.

Santolina melidensis (Rodr. Oubiña & S. Ortiz) Rodr. Oubiña & S. Ortiz

A nivel popular non se empregan estes nomes, senón outros como os que se recollen na seguinte obra

E. Losada Cortiñas, J. Castro González & E. Niño Ricoi
"Nomenclatura vernácula da flora vascular galega"
Xunta de Galicia, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (1992)

As listas de nomes populares empregados nesta exposición proceden dese traballo, que non cita as fontes concretas de onde se tomou cada nome nin moito menos as zonas xeográficas nas que se emprega cada un. Sabemos que existen enormes variacións da nomenclatura botánica popular dun territorio a outro (sen ir máis lonxe, na obra anterior mencionan 68 nomes diferentes para a especie *Digitalis purpurea* L.).

Unha boa actividade didáctica de recoñecemento e memorización da morfoloxía da planta podería ser o encher unha serie de fichas cos nomes populares cos que se coñecen as plantas da exposición no lugar de orixe ou residencia do alumnado, de tal xeito que os alumnos/as (individualmente ou en grupos) teñan que:

1. **Escoller** na exposición algunhas plantas que lle parezan coñecidas, anotar o seu número e **fixarse ben nas súas características morfolóxicas** (mediante debuxos -forma da flor, forma e disposición das follas, etc.- con anotacións -tamaño e color da flor, tamaño da planta, tamaño dos pelos- ou mesmo con fotografías dixitais de apoio agora que moitos teléfonos levan cámara incorporada)
2. **Preguntar** na súa casa ou a calquera coñecido (preferentemente persoas de idade e galegofalantes), ben visitando xuntos un sitio onde medre a planta, ou ben collendo un cachiño da mesma que poida levar para identificala.
3. De volta na exposición poderá ver de novo a planta e **confirmar** que é a mesma que viu/colleu na súa zona.

Unha mesma planta pode ter varios nomes populares diferentes (na mesma zona ou en distintas), e tamén un mesmo nome popular pode ser aplicado a distintas plantas. Por iso, este tipo de contribucións é moi interesante, por varios motivos:

1. Ao alumno, obrígalle a fixarse nos detalles morfolóxicos da planta, a facer un exercicio memorístico, e a entrevistarse cos seus maiores preguntando polo vocabulario que empregaban cando eran novos.
2. Por suposto, existe tamén a posibilidade óptima de que o centro invite aos maiores a ver a exposición nalgún horario de portas abertas e moita da información se poida recoller alí mesmo.
3. Ao herbario, permítelle interactuar co público da exposición, que pode aportar referencias xeográficas concretas de cada nome popular, cousa que normalmente non se ve nos libros de botánica; ou mesmo pode aportar novos nomes populares para plantas das que non se ten constancia aínda de ningún nome na bibliografía consultada. En calquera caso, serve para que esta riqueza lingüística non se perda, e empece a quedar rexistrada dalgunha maneira (insistimos na importancia de que quede constancia das fontes de procedencia da información -nome, enderezo, idade- aínda que non se fagan públicas).

O herbario SANT pretende ir actualizando no futuro a súa páxina web cos nomes vernáculos procedentes destas aportacións (sempre e cando os datos veñan correctamente cumprimentados e o contribuínte teña a **certeza** de que se trata da mesma planta que se pode ver na exposición). A idea é realizar un mapa de nomes populares onde se reflecta en qué zonas se empregan os diferentes nomes para as diferentes plantas e, en caso de dispor de infraestrutura e persoal, ofertar tamén imaxes das plantas.

No caso de que se pretenda realizar esta actividade colaborativa, é moito mellor que a lista de nomes que acompañan á exposición sexa facilitada aos alumnos polos docentes **con posterioridade** á realización da actividade, de xeito que estes poidan comprobar se atoparon algún nome novo ou non. A dispoñibilidade previa da lista podería favorecer un "copieteo" indiscriminado dos nomes (consciente ou inconsciente) para cubrir o formulario sen que fose reflexo da realidade lingüística da zona; obviamente isto non favorecería nin aportaría nada ao herbario, senón que máis ben podería distorsionar a información ampliando falsamente a área de aplicación dun nome a un territorio no que realmente non se emprega ese nome.

Debe quedar claro ao alumnado que o que se pretende **NON é recoller nen copiar nomes de libros** (mesmo aínda que eses nomes non figuren na lista que aquí vos proporcionamos), senón aportar **nomes realmente empregados por persoas dun lugar concreto**.

